



## Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

# Admisión a ciclos de grao medio e de grao superior de Formación Profesional 2020-2021

## Recomendacións para a verificación dos requisitos de acceso das solicitudes do proceso de admisión

(Actualizado 23/06/2020)





## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Consideracións xerais.....	3
3	Acceso a grao medio.....	4
	3.1. Título da ESO.....	4
	3.2. 2º curso de bacharelato unificado e polivalente (BUP).....	4
	3.3. Título de técnico auxiliar (FP I).....	4
	3.4. Título de FP básica.....	4
4	Acceso a grao superior e grao medio.....	5
	4.1. COU/PREU/Bacharelato.....	5
	4.2. Título de BUP.....	5
	4.3. Título de técnico.....	5
	4.4. Título de técnico especialista (FP II).....	6
	4.5. Título de técnico superior.....	6
	4.6. Titulacións universitarias.....	6
	4.7. Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos.....	6
	4.8. Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior de FP.....	7
5	Homologacións e inscricións condicionais de estudos estranxeiros.....	7
6	Erros frecuentes.....	8

---





## 1 Introducción

---

Neste documento preténdese dar unhas breves indicacións dos requisitos que ten que reunir a documentación que é necesario achegar por algúns solicitantes no proceso de admisión a ciclos formativos de FP.

## 2 Consideracións xerais

---

- Lembren que debe de existir unha coincidencia completa entre os datos persoais da documentación a presentar e os do documento oficial de identidade (DOI). En caso contrario a certificación académica, o título ou outra documentación carecen de validez. Nos casos en que houberse cambio de documento de identidade deberase solicitar certificado do rexistro civil ou da policía que documente o cambio de identidade.
- Con carácter xeral **as certificacións deben estar asinadas por persoal funcionario** da administración correspondente, só no caso de títulos da ESO e FP básica de Galicia poden estar asinados pola dirección dos centros concertados.
- Todas as **certificacións de titulacións deben facer constar o pagamento das taxas do título**, excepto para a ESO e para FP básica que non teñen taxas por seren ensinanzas obrigatorias.
- O documento xustificativo de **participar nas probas de acceso á universidade non é válido** para certificar o bacharelato, BUP/COU ou PREU.
- O libro de escolaridade vale como certificación de requisitos académicos, sempre e cando aparezan todas as follas e haxa constancia do pagamento das taxas do título correspondente.
- No caso de inscricións condicionais a través do sistema de homologación de estudos estranxeiros (Orde do 9 de xullo de 2018), deberase xuntar:
  - Resgardo do pagamento da taxa código 30.20.02, agás para as homologacións do título da ESO.
  - Anexo III de ser o caso (declaración responsable de inscrición condicionada en centro docente).
  - Solicitud de homologación, Anexo I.





## 3 Acceso a grao medio

---

### 3.1. Título da ESO

- No caso do réxime ordinario, a persoa interesada deberá xustificar o acceso a través dunha certificación académica para poder calcular a nota media de 4º da ESO, en caso de xuntar só o título irá coa nota mínima para o acceso ao grao medio (5). Só necesario achegar esta documentación cando a titulación se obtivera fóra de Galicia.
- Cando os estudos da ESO sexan de fóra da comunidade galega a certificación deberá ser dun centro público, en caso contrario deberá vir avalada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.
- En réxime ordinario a nota de acceso corresponde á media de 4º da ESO sen relixión ou alternativa.

### 3.2. 2º curso de bacharelato unificado e polivalente (BUP)

- O acceso que debe indicarse é o de 2º de BUP e nunca o da ESO aínda que a normativa establece unha equivalencia académica de 2º de BUP e a ESO.
- Para ter a equivalencia entre a ESO e 2º BUP non pode haber máis de dúas materias suspensas entre 1º e 2º de BUP.
- A documentación achegada deberá ser dun centro público ou estar avalada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente. Deberán constar todas as materias de 1 e 2º de BUP coas cualificacións para poder calcular a nota de acceso.

### 3.3. Título de técnico auxiliar (FP I)

- Estes títulos son equivalentes a títulos de grao medio a efectos profesionais, pero non a efectos académicos, polo que **non dan acceso a ciclos formativos de grao superior**. Debe marcarse na solicitude o acceso por técnico auxiliar ou FP I.
- En réxime ordinario deberá achegarse certificación completa, na que conste o pago das taxas, para o cálculo da nota media de acceso. A documentación achegada deberá ser dun centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

### 3.4. Título de FP básica

- A normativa indica que as persoas que posúen o título da ESO e o título de FP básica deben participar no proceso de admisión co acceso polo título de FP básica.





## 4 Acceso a grao superior e grao medio

### 4.1. COU/PREU/Bacharelato

- Bacharelato LOXSE/ LOE/ LOMCE: no caso de entregar certificacións académicas deberá constar nas mesmas o pagamento das taxas para a expedición do título.
- O Bacharelato superior da lei do 1953 non ten equivalencia a non ser que veña acompañado do PREU ou COU, ademais debe ter pagadas as taxas do título de bacharelato superior.
- BUP máis COU, debe constar o pagamento de taxas de BUP e que haxa constancia de cursar COU. Non é válido como documento xustificativo o xustificante das PAAU.
- En ningún caso o documento xustificativo de participar nas PAAU substitúe ás ensinanzas indicadas nos puntos anteriores.
- En réxime ordinario deberá xuntarse certificación completa, na que conste o pago das taxas, para o cálculo da nota media de acceso. A documentación achegada deberá ser dun centro público ou estar avalada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

### 4.2. Título de BUP

- Non é equivalente ao actual bacharelato, permite o acceso a ciclos superiores, recoñecido na LOMCE. No caso do réxime ordinario entra na última prelación do grupo A.
- Para participar no réxime ordinario é conveniente presentar certificación académica oficial ou o libro de escolaridade de todos os cursos, e en ambos os dous casos que haxa constancia do pagamento das correspondentes taxas. En caso de presentar só o título a nota de acceso en admisión a FP será un 5. A certificación académica achegada deberá ser dun centro público ou estar avalada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

### 4.3. Título de técnico

- As persoas tituladas en grao medio (LOXSE, LOE) teñen acceso a ciclos superiores.
- En réxime ordinario van no grupo B con preferencia para o acceso aos ciclos da mesma familia.
- En réxime ordinario deberá xuntarse certificación completa na que conste o pago das taxas para o cálculo da nota media de acceso. A documentación achegada deberá ser dun centro público ou estar avalada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.





#### 4.4. Título de técnico especialista (FP II)

- Aínda que os títulos de FP II teñen unha equivalencia cos de técnicos superiores (LOXSE, LOE) deberá indicarse que o acceso é a través de FP II ou técnico/a especialista.
- En réxime ordinario deberá xuntarse certificación completa na que conste o pago das taxas, para o cálculo da nota media de acceso. A documentación achegada deberá ser dun centro público ou estar certificada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

#### 4.5. Título de técnico superior

- En réxime ordinario deberá xuntarse certificación completa, na que conste o pago das taxas, para o cálculo da nota media de acceso. A documentación achegada deberá ser dun centro público ou estar avalada por persoal funcionario pertencente á administración educativa competente.

#### 4.6. Titulacións universitarias

- É válido calquera título **oficial** de universidade (grao, licenciatura, máster, diplomatura, doutorado, etc).
- Lembren que os títulos de universidades públicas e privadas que non son de carácter oficial (**títulos propios**) non son válidos para o acceso ás ensinanzas de FP.
- No caso da certificación académica sempre debe haber constancia do pagamento das taxas do título correspondente.
- O documento denominado “suplemento europeo do título” non é adecuado para certificar a obtención do título universitario, xa que non reflicte no texto o pagamento das taxas correspondentes. Ademais como suplemento é un documento que debe vir sempre acompañado polo correspondente título.
- Para o réxime ordinario debe terse en conta que:
  - O alumnado con titulación universitaria presentará certificación académica na que conste a nota media obtida segundo establece o Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro.
  - En caso de non achegar certificación académica universitaria como se indica anteriormente, consignarase unha nota de 5.00.

#### 4.7. Probas de acceso á universidade para maiores de 25 anos

- A documentación asinada polo “secretario/a do tribunal” non é admitida, xa que é un boletín de notas sen carácter definitivo e con mero interese informativo.





- Debe presentarse unha certificación asinada polo reitorado da universidade onde conste unicamente que é a proba de maiores de 25 anos, se aparece 25/45, sen aclarar de cal se trata, non terá validez.

#### 4.8. Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior de FP

- Na certificación da administración educativa competente deberán constar os ciclos formativos aos que dá acceso, que serán os únicos aos que se pode optar na solicitude.

## 5 Homologacións e inscricións condicionais de estudos estranxeiros

---

A Orde de admisión do 15 de xuño de 2016 establece no artigo 23 o acceso a FP a través de titulacións obtidas fóra do territorio español.

A Orde do 9 de xullo de 2018 reguladora do procedemento de homologación e/ou validación de títulos e estudos estranxeiros de ensinanza non universitarias (DOG 24/07/2018) establece no artigo 7 a documentación necesaria para a tramitación do procedemento. En concreto solicítase o resguardo do pagamento da taxa código 30.20.02, agás para as homologacións do título da ESO, e o anexo III de ser o caso (declaración responsable de inscrición condicionada en centro docente).

No capítulo IV establece as condicións para que teña validez o anexo III. No artigo 19 establece:

- Esta declaración responsable tamén poderá presentarse separada da solicitude de homologación e/ou validación indicando: o código da solicitude; o órgano responsable do procedemento; o número de rexistro de entrada da solicitude; e o número de expediente, se dispón del.
- Para que teña validez, neste documento deberán constar os estudos ou exame oficial para o que se pretenda a inscrición e **estar selado no rexistro**.

**En resumo**, deberá xuntarse:

- Homologación de estudos.
- Inscrición condicional:
  - Anexo III.
  - Folla de pagamento de taxas agás para a ESO.
  - Solicitude de homologación, Anexo I.

Tamén é imprescindible que os datos de identificación (nome completo e apelidos completos, números de: DNI, NIE, pasaporte) sexan coincidentes entre os que figuran na solicitude de admisión e os que figuran na solicitude de homologación e na declaración responsable de inscrición condicional. No caso de dispoñer dun documento novo (por exemplo un DNI que



substitúe un NIE ou un NIE que substitúe un pasaporte) será necesario o certificado do rexistro civil ou da policía no que se demostra que ambos documentos pertencen á mesma persoa.

## 6 Erros frecuentes

- Erros importantes que levan a participar no acceso a un grao medio ou a un grao superior a unha persoa sen requisitos de acceso a FP:
  - Os títulos de FP I ou de técnico auxiliar non dan acceso a ciclos superiores nin son equivalentes a ciclos medios LOXSE ou LOE a efectos académicos.
  - O títulos de bacharelato superior da lei do 53 non dan acceso a ciclos superiores, nin son equivalentes a títulos de BUP.
  - Os títulos de FP básica non dan acceso a ciclos superiores.
  - Os documentos de probas de acceso á universidade de maiores de 25/45 non son válidos xa que non son certificados. Só valen as certificacións reitorais de probas de acceso a maiores de 25 anos.
  - Os títulos de grao superior de ensinanzas de réxime especial de artes plásticas e deseño e de ensinanzas deportivas, xa sexan LOXSE ou LOE e non dan acceso a ciclos formativos de FP. Por outra banda, os títulos de ensinanzas superiores de ensinanzas oficiais si poden dar acceso xa que son equivalentes a títulos de grao universitario.
  - Os títulos universitarios **proprios non son títulos oficiais** e non teñen recoñecida ningunha equivalencia académica, polo que non son estudos que dean acceso a ciclos formativos de FP.
- Outros erros
  - Debe prestarse atención á confusión entre os títulos de FP da lei do 70 e os títulos LOXSE e LOE, xa que é frecuente que se confundan títulos de FP II ou técnico especialista con títulos de técnico superior (xa sexan LOXSE ou LOE) ou viceversa. Nestes casos debe prestarse atención á norma indicada en cada título.
  - A participación na proba de acceso a universidade (PAAU/ABAU) non xustifica ter o Bacharelato/COU/PREU realizado.
  - Lembrar que todos os títulos da ESO e de bacharelato obtidos a partir do ano 2017 son títulos LOMCE.

